



Reclamante [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 068/2018**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Viaста a reclamación presentada por [REDACTED], que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 20 de maio de 2018, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Servicio Galego de Saúde de emisión de certificado sobre o contido da web do dito organismo do seguinte link : [https://www.sergas.es/Docs/Emortada/Eventos/XIX\\_ConctresoDyS2010.pdf](https://www.sergas.es/Docs/Emortada/Eventos/XIX_ConctresoDyS2010.pdf), a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación da Plataforma [REDACTED], mediante escrito do 21 de maio de 2018, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 22 do mesmo mes, presenta reclamación contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude ao Servicio Galego de Saúde, de emisión de certificado sobre o contido da web do dito organismo do seguinte link : [https://www.sergas.es/Docs/Emortada/Eventos/XIX\\_ConctresoDyS2010.pdf](https://www.sergas.es/Docs/Emortada/Eventos/XIX_ConctresoDyS2010.pdf).

**Segundo.** Con data do 23 de maio de 2018, solicitouse informe ao Servicio Galego de Saúde sobre o recurso presentado. A recepción da solicitude pola administración foi o 30 de maio de 2018. Con data do 14 de xuño ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o informe solicitado, que no que no referente ás competencias desta Comisión interesa, manifesta que o interesado solicitou con data do 15 de marzo de 2018, que se lle fora expedida, dentro do prazo de 15 días referido no artigo 24.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a correspondente certificación do sentido do contido publicado dun determinado apartado da web do [www.sergas.es](http://www.sergas.es), acompañando coa súa solicitude, a documentación impresa que aparecía na páxina da rede internet indicada, polo que a finalidade da solicitude non era obtención de información pública, dado que xa están non seu poder, senón un certificado da información contida nun determinado apartado da páxina web do SERGAS.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se



